

3º CONCURSO DE ENSAIO **FILOSÓFICO**

REPENSAR O AMOR

BASES XERAIS

- O concurso vai dirixido ao alumnado matriculado no IES Val do Tea, no IES Pedra de Auga e no IES do Barral. Haberá catro modalidades de participación:
 - Modalidade A: alumnado da ESO.
 - Modalidade B: alumnado de Bacharelato.
 - Modalidade C: alumnado de FP.
 - Modalidade D: alumnado da ESA.
- Trátase de construír un ensaio PROPIO e ORIXINAL sobre o amor revisando algúns dos mitos que circulan na nosa sociedade sobre este sentimento e/ou aportando novos enfoques de comprensión de dito fenómeno na actualidade.

ASPECTOS FORMAIS DO ENSAIO E TEMPOS

- 1) Os ensaios presentaranse en sobre pechado tamaño DIN A3 e baixo pseudónimo. O pseudónimo elixido deberá ser o nome dun/ha filósofo/a ou escritor/a seguido dun número de cinco cifras. O sobre que conteña o traballo deberá ter escrito por fóra soamente o pseudónimo escollido e a modalidade de participación (A, B, C ou D segundo corresponda).
- 2) Dentro do sobre irá o ensaio xunto con outro sobre pechado máis pequeno que conterá no seu interior o nome real do/a autor/a que presenta o traballo.

- 3) Cada persoa pode presentar un único traballo. A extensión máxima do ensaio será de ata tres páxinas, en letra tipo Arial, tamaño 12 e espazo 1,5. Non hai extensión mínima.
- 4) Os ensaios deixaranse na caixa habilitada para tal efecto na conserxaría do centro ao que o/a alumno/a pertenza.
- 5) A data límite de entrega será o 20 de marzo ás 14.25 horas.
- 6) Publicarase a relación das persoas gañadoras nas bibliotecas dos tres centros.
- 7) A celebración de entrega de premios terá lugar o luns 24 de marzo na biblioteca do IES Val do Tea ás 12.25 horas.

XURADO

Estará composto polos membros dos departamentos de Filosofía do IES Val do Tea, do IES Pedra de Auga e do IES do Barral, que valorarán os ensaios presentados de acordo cos seguintes criterios:

- I. Orixinalidade do discurso.
- II. Conexión interna dos asuntos tratados e retórica.
- III. Recursos bibliográficos.
- IV. Capacidade crítica.
- V. Corrección gramatical e ortográfica.

PREMIOS

Concederanse estes dous premios para cada unha das catro modalidades (A, B, C e D):

- Finalista: o premio consistirá nun libro.
- Gañador/a: o premio consistirá nun libro e nun vale de 30 euros para investir nunha tenda deportiva da comarca.